

T  
tres en raia

## Como valora as consecuencias do recorte de apoio público ao programa Preescolar na Casa?

**As cordas, sabido é, rompen sempre pola parte máis feble. A retirada de máis de 600.000 euros do financiamento público de Preescolar na Casa ratifícao máis unha vez. O goberno galego considera innecesario un programa que incide nas necesidades educativas dos tramos de idade máis desatendidos –de 0 a 3 anos– e que ademais presta un servizo fundamental ao sempre, e cada vez máis, desatendido rural.**

## Un patrimonio irrenunciable

**ALICIA LÓPEZ PARDO**

Representante da Nova Escola Galega na Mesa Galega de Educación no rural e ex-orientadora de Preescolar na Casa

Neste tempo de trastorno da política educativa atopámonos ante un interrogante que raia co inconcibible: como se pode suspender o apoio de fondos públicos a un programa que, durante 35 anos, vén sendo pioneiro na posta en marcha dunha iniciativa única na formación de país e conxuntada coa atención educativa á primeira infancia? Máis incomprendible resulta se este proxecto o enmarcamos nunha liña innovadora e comprometida e nun enfoque interactivo, integrador e dinamizador.

Desafío semellante pódoo acometer quen ignore a vixencia plena na que Preescolar na Casa (PnC) segue exercendo como referencia a nivel mundial. Tal perda suporía o estrago dun patrimonio pedagóxico no que converxen unha acreditada experiencia e unha indíxible suma de recursos humanos e materiais. Á custa dunha implicación exemplar veuse acumulando una inmensa herdanza da que milleiros de nenas e nenos son directos beneficiarios. A isto engádese un legado extraordinario de profesionais formados a conciencia e sempre na vangarda.

Asoma un indicio de perturbación no sistema educativo se as anunciadas medidas se executan contra un

programa plenamente galego, singular nos seus procedementos e cunha ampla proxección internacional.

Abonda comprobar o recoñecemento dos países máis inquedaos na procura de alternativas pedagóxicas. Sendo incontables os datos comecemos por lembrar o de Cuba, que dende 1993 integra no sistema educativo o programa *Educa a tu hijo*, inspirado no modelo PnC. Outras experiencias recentes que destacan polos seus avances en investigación pedagóxica, como é o caso dos *family hubs* en certos países anglosaxóns, reafirman este modelo.

Arriscámonos á caída nun baleiro total despois de gozar de afortunadas décadas dun proxecto privilexiado. Sen dúbida, en Galicia, Preescolar na Casa veu sendo un luxo entre tanta precariedade en todos os sentidos. A perda acadaría moito máis do que se pode expresar neste mínimo espazo de letras contadas. Entre pinceladas de moito fondo pódese falar do papel que PnC vén tendo na definición da etapa de cero a tres anos como etapa educativa, da elaboración de infinidade de materiais e estratexias para a intervención con nenos/as e adultos, da práctica admirablemente espallada nos ámbitos rurais dende os seus comezos e tamén ultimamente en urbanos.

Certificada está tamén a influencia educativa de PnC polos centos de escolas e colexios que reciben os nenos e nenas favorecidos coa asistencia ao seu programa. Son unha evidencia os resultados da estimulación





Andrea López Ilustración

temperá, da comunicación afectiva e educativa que uns pais ben orientados poden transmitir. Non caben dúbidas sobre as bases asentadas no desenvolvemento integral das criaturas e en coñecementos referidos ás necesidades da primeira infancia, á intelixencia emocional e a tantos outros piares que dende o programa PnC se afianzan nas idades máis tenras e sensibles do ser humano. Tampouco se pode esquecer de PnC a significada colaboración con diversas organizacións galegas. Habería moito que detallar sobre as excelentes publicacións e sobre o gran impacto socio-educativo dos programas de radio e televisión. E sería preciso un capítulo á parte para referirse á defensa da lingua e da cultura galegas.

Que en boa hora se free una perda de consecuencias tan irreparables.

## Surfando na posmodernidade

**JORGE GARCÍA MARÍN**

Profesor de Socioloxía da Educación na Universidade de Santiago de Compostela

**N** unha época de modernidade líquida, en termos de Bauman, e de grande fragilidade dos vínculos humanos, unido a fenómenos como a globalización (americanización ou macdonalización), a crise económica (que afecta xustamente as patas do Estado de Benestar), a desvalorización do rural e a concepción da edu-

cación dende perspectivas reprodutionistas (máis ligadas á vinculación do sistema educativo ao sistema produtivo), enténdese perfectamente que un programa como Preescolar na casa non lle interese ao poder establecido ou inclusive se considere xa amortizado.

Pero isto, como é obvio, non debería ser así, porque se algo ten de positivo Preescolar na Casa é a súa gran contribución ao desenvolvemento do tecido socio-comunitario de moitos concellos rurais galegos, partindo da educación de miles de nenos/as a través dos seus pais e nais, concibindo a comunidade rural como unha comunidade viva e operante que pode ir resolvendo os seus problemas. Isto conséguese precisamente porque se lle dá importancia ao micro, ás actividades cotiás do contorno, e á familiaridade do próximo.

Unha gran forma de dinamizar culturalmente o medio rural galego é potenciar eses sistemas familiares e os seus valores a través da educación dos/as cativos/as, así como a toma de conciencia por parte de pais e nais do seu potencial como educadores e das súas capacidades. O rural non pode ser concibido só dende unha lóxica urbana, idealizándose exclusivamente o urbano e deixando a visión do rural como lugar bucólico onde pastan ovellas e vacas. Continuamos incrementando a crise estrutural do mundo rural (perda constante de competitividade de bens culturais, sociais e econó-

micos), neste caso desconsiderando as prácticas familiares e a súa importancia.

Unha aposta estratéxica que evite a “desruralización” e incida nas potencialidades do propio mundo rural con novas formas de intervención social, económica e cultural, pasa por non pensar só en infraestruturas (por outra banda necesarias), senón por considerar a importancia dos/as mozos/as como suxeitos de desenvolvemento, con políticas pensadas dende o propio medio rural.

Isto supón, como é lóxico, unha concepción do sistema educativo que considere as e os mestres como “intelectuais transformativos” con todo o que isto significa, apegados á realidade próxima, e onde se privilexie a funcionalidade das aprendizaxes. Obvio que isto non se pode conseguir con meros executores de currículos impostos, afastados das realidades das e dos cativos. As e os mestres son os grandes motores e dinamizadores da realidade social e cultural do mundo rural, partindo das posibilidades educativas da familia, e sabendo xustamente que nesta época de postmodernidade, de “era do baleiro”, e de “pedagogías do aburrimiento”, a sociedade só pode acudir ao vello lema ecolóxico “pensa globalmente, actúa localmente”.

Preescolar na casa, como modelo de educación ao servizo das persoas, é só unha pedra na construción da dignidade rural, pero unha pedra moi importante para a autoestima e revitalización dese mundo.



## Referente educativo e de país

ENRIQUETA ALONSO LÓPEZ


Responsable de Comunicación de Preescolar na Casa

**A** Fundación Preescolar na Casa vive unha difícil situación económica, froito dos recortes económicos que vén sufrindo por parte da Administración autonómica. Como consecuencia, tivo que presentar un ERE e, o pasado 1 de setembro, vinte dos profesionais desta entidade non puideron comezar a traballar, 19 fixérono a media xornada, e só quedaron nove mestres funcionarios e tres traballadores da Fundación a xornada completa. Isto supón que, das 4.000 familias que viñan recibindo este servizo, agora só 1.500 poden seguir gozando del. Pero os recortes seguen e a Fundación vese obrigada a presentar un novo ERE antes de que finalice o que xa está en marcha, cuestión que pode supoñer a práctica desaparición do programa.

Preescolar na Casa contribuíu a configurar a historia recente deste país en materia de educación, converténdose nun referente pedagóxico cun modelo de intervención pioneiro, orixinal, preventivo, vertebrador do territorio e exemplar en canto á implicación das familias na educación dos fillos e fillas.

Este modelo educativo caracterízase:

– Pola defensa e promoción dos dereitos dos nenos, da igualdade e



do respecto entre as persoas, da comunicación e a non violencia como medio de resolución dos conflitos.

– Por comezar a traballar no período 0-3, cando aínda a lexislación educativa non o tiña recoñecido.

Por anticiparse á Recomendación Rec(2006)19 do Comité de Ministros aos Estados Membros da Comunidade Europea sobre políticas de apoio á parentalidade positiva, ofrecendo servizos de apoio ás familias.

– Por introducir novas dinámicas e actividades como o traballo en maternidades, centros educativos, espazos das familias nas escolas infantís e espazos educativos na Televisión de Galicia e na Radio Galega, para dar-lles resposta ás necesidades sociais e familiares que van xurdindo.

– Pola intervención de proximidade, solidaria e integradora, achegándose

directamente aos lugares onde habitan nenos e familias, dándolles prioridade aos sectores da poboación menos favorecidos, e integrando a poboación de niveis culturais e económicos diferentes.

– Polo fomento da lingua e a cultura galega desde os inicios e ata a actualidade como forma de dar valor e prestixiar o propio.

– Polo carácter comunitario e expansivo: todas as actividades teñen como obxectivo influír na comunidade, partir da súa realidade e avanzar no seu desenvolvemento, resaltando o valor do colectivo fronte ao individualismo.

– Polo traballo en rede interna e externa: co obxecto de aproveitar e facer rendibles os recursos.

– Pola preocupación por ofrecer servizos de calidade que lle acheguen valor á sociedade. Isto levouno a obter o certificado ISO 9001 e o ser o EFQM de Excelencia.

– Polo respaldo da Administración: desde as súas orixes ata a actualidade o desenvolvemento do programa foi posible grazas ao apoio continuado da Administración pública. Este apoio tivo o respaldo, en varias ocasións, do Parlamento de Galicia.

Neste momento os profesionais de Preescolar na Casa están a desenvolver diversas accións para dar a coñecer o seu traballo e as súas reivindicacións á sociedade galega, instando á Xunta de Galicia a manter este servizo educativo, recoñecido, necesario e de futuro.